
	NORMATIVA Nº 5	 XUNTA DE GALICIA  DEPORTE GALEGO
	SUBVENCIONES DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS APORTACIONES AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE	

INDICE:



- 1- INTRODUCCIÓN
- 2- SELECCIÓN GALEGA
- 3- CRITERIOS DE CONCESIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN
- 4- UNIFORMIDADE
- 5- OBRIGAS DOS SUBVENCIONADOS
- 6- DEREITOS DOS SUBVENCIONADOS
- 7- COMPETICIÓN VALEDEIRAS
- 8- INCENTIVOS POR RESULTADOS
- 9- INCOMPATIBILIDADE DE SUBVENCIONES
- 10- MARCAS MÍNIMAS SUBVENCIONABLES PARA CAMPIONATOS DE ESPAÑA
- 11- APORTACIONES A CLUBS OU ENTIDADES COLABORADORAS EN CAMPIONATOS GALEGOS, TROFEOS FEDERACION E LIGAS
CELEBRACIÓN INDEPENDENTE
CELEBRACIÓN CONXUNTA
- 12- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES
- 13- DIETAS E QUILOMETRAXE
- 14- APROBACIÓN E MODIFICACIONES

1.- INTRODUCCIÓN

A FGTA ostenta a representación de Galicia nos Campionatos de España e naqueles Torneos Internacionais onde puidese participar.

2.- SELECCIÓN GALEGA

Enténdese por tal o conxunto de persoas seleccionadas que, nun momento dado, e en diferentes modalidades do Tiro con Arco, representan a Galicia nunha competición fóra da Comunidade

	<h1 style="margin: 0;">NORMATIVA Nº 5</h1> <h2 style="margin: 0;">SUBVENCÍONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE</h2>	
-----------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------

Autónoma. Inclúese nesta selección ao capitán de equipo ou adestrador, designado pola FGTA para cada campionato.

Promocionarase especialmente a participación da muller e das categorías inferiores.

3.- CRITERIOS DE CONCESIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Será condición indispensable para OPTAR á subvención a calquera campionato de España individual o feito de igualar ou superar as mínimas do apartado 10 desta normativa polo menos dúas veces con anterioridade ao Campionato en cuestión; ademais de ter obtido estas puntuacións en tiradas recoñecidas pola FGTA, cumprindo os requisitos esixidos para a súa validación.

Non obstante, acadar o referido no punto anterior non garante a subvención automaticamente; senón que se seguirá o seguinte criterio:

- O arqueiro con maior puntuación de media aritmética nas súas dúas mellores tiradas valederas recibirá o 75% da subvención máxima.
- O arqueiro con segunda mellor media recibirá o 50% da subvención máxima.
- O arqueiro con terceira mellor media recibirá o 25% da subvención máxima.

As porcentaxes referidas inclúen a quilometraxe, dietas, estancia, ... todos os conceptos subvencionables.

Como máximo haberá 3 arqueiros subvencionados por categoría, sempre ordenados de maior a menor media.

De non haber 3 arqueiros que cumpran os requisitos, unicamente irán subvencionados os que os cumpran, acadando a subvención porcentual adecuada á súa posición.

Por outra banda, os arqueiros que formen parte do equipo de Galicia nun Campionato de España de CCAA, participación derivada da suma das tres mellores puntuacións no round do campionato individual, ou as dúas mellores no caso dos equipos mixtos, terán dereito a que se lles aboien os gastos derivados do día no que se celebre a fase final do campionato por equipos, con independencia de ter acadado ou non subvención para ese campionato.

Os arqueiros que participen en campionatos convocados pola WA e pola WAE, tales como o Campionato do Mundo, o Campionato de Europa, os Xogos do Mediterráneo e as finais das Copas do Mundo, e cuxos gastos non sexan sufragados nunha contía superior ao 50% pola RFETA, a Federación Galega subvencionará a ditos arqueiros cos importes correspondentes á manutención e o aloxamento fóra de España.

	<h1>NORMATIVA Nº 5</h1>	
	<h2>SUBVENCÍONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE</h2>	

4.- UNIFORMIDADE

Todo o equipamento entregado pola FGTA quedará cedido ao deportista / técnico, e será utilizado nos eventos deportivos nos que participen representando a Galicia.

No momento da entrega o deportista / técnico asinará un recibo no que se detallarán cada un dos elementos entregados.

O coidado da uniformidade será a cargo do deportista / técnico.

A uniformidade da Selección Galega só poderá exhibir os logotipos ou anagramas dos patrocinadores oficiais da selección, quedando totalmente prohibida a colocación de logotipos ou anagramas de patrocinadores privados alleos á mesma.



Durante os adestramentos libres, os deportistas poderán utilizar roupa deportiva distinta á uniformidade oficial, non así nos adestramentos oficiais.

Aos deportistas entregaráselles unha nova uniformidade nos seguintes casos:

- Cambio no deseño ou na calidade dos materiais
- Deterioro das prendas, previa xustificación do motivo. De non ser xustificado, o deportista aboará o prezo do novo equipamento.

5.- OBRIGAS DOS SUBVENCIONADOS

- Participar na competición para a que foi subvencionado.
- Participar no equipo, en caso de ser seleccionado polo Capitán do mesmo ou representante da FGTA na competición.
- Utilizar o equipamento facilitado pola FGTA nas competicións en que represente a Galicia a nivel individual ou por equipos.
- Someterse aos controis de dopaxe que se lle requiran a través da RFETA en competicións a nivel nacional ou internacional.
- Estar a disposición da FGTA durante os días de celebración do campionato, para calquera acto ou reunión que convoque a mesma.

	<h1 style="margin: 0;">NORMATIVA Nº 5</h1> <h2 style="margin: 0;">SUBVENCIONES DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS APORTACIONES AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE</h2>	
-----------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------

- No caso de negarse a participar na competición formando equipo, non poderá recibir subvención algunha da FGTA por ese campionato.

6.- DEREITOS DOS SUBVENCIONADOS

- Percibir a subvención concedida despois da súa participación na competición.
- O equipo técnico da FGTA estará a disposición do deportista en todo o que se refira á planificación, adestramento, preparación e asistencia na competición.
- A subvención farase efectiva a partir do día seguinte á finalización da súa participación, previa presentación dos xustificantes de gasto correspondentes.
- Non poderá ser aboada unha subvención unha vez pechado o exercicio económico ao que corresponda.

7.- COMPETICIÓN VALEDEIRAS

Internacionais recoñecidas pola WA e pola WAE e comunicadas á FGTA con anterioridade, e con remisión posterior dos resultados.




Nacionais organizadas pola RFETA (GPs, Campionatos de España, Ligas, ...) comunicadas á FGTA con anterioridade e con remisión posterior dos resultados.

Nacionais Postais, organizados pola FGTA ou por calquera outra Federación que cumpra coa normativa RFETA para a súa homologación, (este último caso sempre e cando o Postal non sexa organizado pola FGTA ou o arqueiro interesado non teña sitio, avisando á FGTA e remitindo os resultados a esta).

Todos os recoñecidos pola FGTA (convocados todos os arqueiros da FGTA en tempo e forma e cos datos en poder da FGTA nos 3 días posteriores ao remate do campionato).

Campionatos Galegos, Trofeos Federación e Ligas.

8.- INCENTIVOS POR RESULTADOS

	<h1>NORMATIVA Nº 5</h1>	 XUNTA DE GALICIA  DEPORTE GALEGO
	SUBVENCÍONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE	

- Os arqueiros que acaden Medalla nun Campionato Internacional organizado pola WA/WAE (worldcups, mundiais, campionatos de Europa, indoor e outdoor) serán recompensados co 75% da subvención máxima ao seguinte Campionato de España.
- Os arqueiros que acaden Medalla en Campionatos de España e haxa declaración de campións/nas nesa categoría (individual ou por equipos) serán recompensados coa exención de aboar taxas durante o seguinte ano natural en campionatos organizados pola FGTA (Campionatos Galegos e Federación –aire libre e sala- correspondente unicamente á categoría na que obtivo a medalla).
- Os arqueiros que acaden Medalla individual nun Campionato de España ABSOLUTO e haxa declaración de campións/nas nesa categoría, serán recompensados coa inscrición do seguinte Campionato organizado pola RFETA (sexa GP ou Campionato de España Absoluto).

9.- INCOMPATIBILIDADE DE SUBVENCÍONS




A subvención será incompatible con calquera outra que o interesado reciba polo mesmo concepto e que supere o 100% dos gastos xustificadas.

10.- MARCAS MÍNIMAS SUBVENCIONABLES PARA CAMPIONATOS DE ESPAÑA

VETERANOS	RVH	RVM	CVH	CVM
SALA (2*18)	-----	-----	-----	-----
AIRE LIBRE (2*60)	600	570	630	580
AIRE LIBRE (Round 1440)	-----	-----	-----	-----

SENIOR	RSH	RSM	CSH	CSM
SALA (2*18)	555	545	570	555
AIRE LIBRE (2*70)	620	600	675	630
AIRE LIBRE (Round 1440)	-----	-----	-----	-----

XUVENIL	RXH	RXM	CXH	CXM
SALA (2*18)	545	525	555	540
AIRE LIBRE (2*70/50)	610	570	630	600
AIRE LIBRE (Round 1440)	-----	-----	-----	-----

	NORMATIVA Nº 5	 XUNTA DE GALICIA  DEPORTE GALEGO
	SUBVENCIONES DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS APORTACIONES AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE	

CADETE	RCH	RCM	CCH	CCM
SALA (2*18)	540	520	550	535
AIRE LIBRE (2*60/50)	580	570	630	610
AIRE LIBRE (Round 1440)	-----	-----	-----	-----

MENORES DE 14 ANOS (*)	R-14H	R-14M	C-14H	C-14M
SALA (2*18)	560	540	570	570
AIRE LIBRE	550	545	600	580

SENIOR	LONG BOW		TRAD. RECURVO		ARCO DESNUDO	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
AIRE LIBRE	265	245	275	265	310	310
SALA	230	210	240	210	245	225
3D	285	240	320	250	285	285




(*) Puntuacións acreditadas segundo normativa de competición RFETA.

11.- APORTACIONES A CLUBES OU ENTIDADES COLABORADORAS EN CAMPIONATOS GALEGOS, TROFEOS FEDERACION E LIGA DE EQUIPOS

As subvención para os Campionatos, Trofeos Federación Ligas de equipos, Ligas 3D e tiradas organizadas pola FGTA serán as seguintes

CELEBRACION INDEPENDENTE

	SALA (2*18)	AIRE LIBRE (2*70)	AIRE LIBRE (Round 1440)
VETERANOS, SENIOR, XUVENIL E CADETE	900,00 €	900,00 €	1000,00 €
INFANTIL, ALEVÍN, BENXAMÍN E ESQUÍO	700,00 € (1)	700,00 € (1)	-----
TRADICIONAL E DESNUDO	900,00 €	900,00 €	

	<h1>NORMATIVA Nº 5</h1>	 XUNTA DE GALICIA  DEPORTE GALEGO
	<h2>SUBVENCIONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS APORTACIONS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE</h2>	

LIGA DE EQUIPOS	200,00 € (2)	200,00 € (2)	
CAMPIONATO GALEGO DE PERCORRIDO DE BOSQUE	1000,00 € (3)		
LIGA GALEGA 3D	250,00 € por encontro ata os primeiros 50 arqueiros/as inscritos. Esta cantidade incrementarase en 25,00 € por cada 10 participantes a maiores dos anteriores. (3)		
TROFEOS POSTAIS E CLASIFICATORIOS	200,00 € ata os primeiros 50 arqueiros/as inscritos. Esta cantidade incrementarase en 25,00 € por cada 10 participantes a maiores dos anteriores. (3)		

- (1) Estas cantidades incrementaranse en 100,00 € no caso de superar os 50 participantes.
 (2) Cantidade por cada xornada.
 (3) No que se refire ás inscricións e taxas estarase ao disposto na normativa nº 7.

CELEBRACIÓN CONXUNTA




Campionato Galego de Sala Veterano, Senior, Xuvenil e Cadete Campionato Galego de Sala Infantil, Alevín, Benxanin e Esquio Campionato Galego de Sala Arco Tradicional e Arco Desnudo	1.300,00 €
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------

Campionato Galego de Aire Libre Veterano, Senior, Xuvenil e Cadete Campionato Galego de Aire Libre Infantil, Alevín, Benxamín e Esquio Campionato Galego de Aire Libre Arco Tradicional e Arco Desnudo	1.300,00 €
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------

Campionato Galego Aire Libre Arco Recurvo e Composto: Veterano, Senior e Xuvenil (Round 1440 con eliminatorias) Campionato Galego Aire Libre Arco Recurvo e Composto: Cadete, Infantil, Alevín, Benxamín e Esquio (Round 1440, FITA, RFETA con eliminatorias segundo corresponda)	1.300,00 €
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------

Trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia Aire Libre Veterano, Senior, Xuvenil e Cadete (2*70); Infantil, Alevín, Benxamín e Esquio (RFETA) e Arco Tradicional e Desnudo (1.300,00 €
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------

Trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia de Sala Arco Veterano,	1.300,00 €
------------------------------------------------------------------	-------------------

	<h1>NORMATIVA Nº 5</h1>	 XUNTA DE GALICIA  DEPORTE GALEGO
	SUBVENCIONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS APORTACIONS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE	

Senior, Xuvenil, Cadete, Infantil, Alevín, Benxamín e Esquí e Arco Tradicional e Desnudo.	
-------------------------------------------------------------------------------------------	--

12.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

Desprazamento
Dieta manutención
Aloxamento

13.- DIETAS E QUILOMETRAXE

	España	Estranxeiro
En vehículo particular	0,19 € / km	-----
Dieta completa (xantar e cea)	26,00 € *	48,00 €*
Media dieta (xantar ou cea)	13,00 € *	-----
Aloxamento	45,00 €/día*	-----
Réxime completo (aloxamento+manutención do día)	71,00 €/día *	91,00 €*

* Importes máximos

NOTA:

- No caso dos xuíces que interveñan nunha competición que dure unha fracción de día aboaráselles media dieta
- No caso de que a actuación dun xuíz se estenda máis tarde das 21,30 h. aboaráselle a dieta de aloxamento, sempre e cando a distancia á súa residencia sexa superior a 75 km.

14.- APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

Normativa aprobada na Asemblea Xeral do 1 de abril 2007

Modificada na Asemblea Xeral do 13 de abril 2008

Modificada na Asemblea Xeral do 05 de abril 2009



NORMATIVA Nº 5

SUBVENCIÓNS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE



Modificada na Asemblea Xeral do 25 de abril 2010

Modificada na Asemblea Xeral do 10 de abril 2011

Modificada na Comisión Delegada do 27 de novembro 2011

Modificada na Asemblea Xeral do 22 de abril 2012

Modificada na Asemblea Xeral do 20 de abril 2013

Modificada na Asemblea Xeral do 28 de marzo de 2015

Modificada na Comisión Delegada do 13 de xullo de 2015